

## PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA O INGRESO EN PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO (GRUPOS I E III) DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

### Exame e respostas.

---

#### Parte primeira

Lea atentamente os textos a) e b) que se transcriben a seguir e mais os respectivos enunciados da opción múltipla. Indique en cada caso cal é a opción correcta.

**Nota importante:** as respostas deben basearse unicamente na información contida no texto.

#### Texto a)

#### COMO COIDAR O CEREBRO PARA PREVIR ENFERMIDADES NEUROLÓXICAS

«Podemos exercitar e fortalecer o cerebro cada día con actividades sinxelas e certos hábitos», explican os neurólogos.

Uns sete millóns de persoas en España padecen algún tipo de enfermidade cerebral. Ata un **10 % da poboación sofre ou sufrirá un trastorno neurolóxico**. Falamos de xaquecas, ictus ou enfermidades neurodexenerativas. «Cómpre preocuparse polo noso cerebro do mesmo xeito que o facemos polo noso corpo. Existe un descoñecemento absoluto de que as **enfermidades neurolóxicas se poden previr e, mesmo, evitar, pero para iso necesitamos manter o noso cerebro san**», asegura unha reputada neuróloga á que consultamos.

É necesario levar unha vida sa física e intelectualmente. De feito, os factores de risco que, clasicamente, son definidos como cardiovasculares, agora defínense tamén como cerebrovasculares. O tabaquismo, a hipertensión, a diabetes, a obesidade, algúns tipos de dieta, situacións de estrés etc. son factores asociados a algunhas patoloxías neurolóxicas. Sábese que o control estrito destes factores de risco con hábitos saudables diminúe a aparición deste tipo de enfermidades. Alén diso, o noso cerebro tamén necesita alimento, a

chamada «reserva cognitiva», que non é outra cousa que a capacidade que temos para almacenar coñecemento, almacenar memoria.

**Cales son as recomendacións dos especialistas para manter un cerebro san?** Hai que camiñar, pasear, facer actividade física no exterior e á luz do día. A prescrición é tres ou catro días por semana, durante uns corenta e cinco minutos cada vez.

É moi importante levar unha vida intelectual activa. **Hai que ler todos os días polo menos media hora. Recoméndase tamén** escribir e resolver xogos, como encrucillados ou sudokus. Tamén está demostrado que **socializar é clave para evitar ou adiar o deterioro cognitivo**. Viaxar axuda a manter estimulado o cerebro. «Hai exemplos moi sinxelos. Resulta moi útil, por exemplo, cando temos unha rutina diaria, como un percorrido típico para levar os nenos á escola, ir traballar ou á compra, intentar varialo, non seguir sempre a mesma ruta. Iso estimula e activa a nosa atención. Outro exemplo: cando estamos na casa, tranquilamente, é un bo exercicio pechar os ollos e imaxinar mentalmente o mapa do noso barrio, colocar as tendas, debuxar as rúas...», suxire a neuróloga, quen recorda tamén que non se pode descoidar a hixiene do sono: cómpre **durmir entre sete e nove horas**.

O certo é que nos tornamos moi cómodos cerebralmente falando. Cando hai que dividir a conta nun restaurante, rapidamente alguén saca o móbil para usar a calculadora. Xa non memorizamos números de teléfonos, apuntámoslos de maneira automática na axenda. Tampouco nos molestamos en intentar lembrar un dato porque é máis sinxelo procuralo en Internet. «**Os avances tecnolóxicos fan que nos esforcemos menos intelectualmente**. Evitamos pór en marcha as nosas funcións cognitivas e iso fai que as reservas non aumenten ou, mesmo, diminúan. A todo isto temos que lle engadir a falta de tempo, outro dos grandes inimigos da nosa saúde cerebral», explica.

A alimentación tamén é importante. Hai que fuxir de azucres refinados, graxas saturadas e sal para centrármonos no consumo de verdura, froita e peixe. Convén non esquecer un gran aliado noso: os froitos secos.

### **Bloque primeiro: comprensión**

#### **1.- Estímase que padecerán un trastorno neurolóxico...**

- a) vinte de cada cen persoas.
- b) dez de cada cen persoas.
- c) un número indeterminado de persoas.
- d) catro de cada dez persoas.

#### **2.- As enfermidades neurolóxicas pódense...**

- a) preservar e sustentar.
- b) precaver e eludir.
- c) fornecer e abastar.
- d) desleixar e descoidar.

#### **3.- Algúns factores de risco tanto das enfermidades cardiovasculares como das cerebrovasculares son entre si...**

- a) dispares.
- b) indeterminados.
- c) disímiles.
- d) análogos.

#### **4.- A chamada «reserva cognitiva» é...**

- a) o alimento en forma de coñecemento e memoria que precisa o noso cerebro.
- b) a enerxía que suple as deficiencias vitamínicas en estados de enfermidade.
- c) o conxunto de células que non se activan en certas funcións neuronais.
- d) un exceso de graxa como consecuencia dunha dieta inadecuada.

#### **5.- Para evitar enfermidades neuronais é ben...**

- a) ver a televisión nun contorno pracenteiro.
- b) unha análise ocular no oftalmólogo.
- c) ter un xeito de vivir dinámico e activo.
- d) participar en xogos de azar como a lotería.

#### **6.- Para conservar a saúde cognitiva, resulta moi útil...**

- a) facer tarefas rutineiras.
- b) levar os cativos á escola.
- c) ir á compra acotío ao supermercado.
- d) realizar actividades de socialización.

#### **7.- Enténdese por saúde do sono...**

- a) durmir a sesta todos os días.
- b) durmir diariamente máis de 7 horas.
- c) descansar co móbil apagado ou en modo avión.
- d) conciliar o sono facendo sumas e restas.

#### **8.- Aparellos coma o móbil...**

- a) favorecen as funcións cognitivas e mnemotécnicas.

- b) indúcennos a facer maiores esforzos mentais.
- c) axudan a que memoricemos con comodidade números de teléfono.
- d) contribúen a que nos tornemos cerebralmente máis cómodos e cómodas.

**9.- Para a saúde mental, o ideal é consumir...**

- a) sal, porque achega minerais básicos para o metabolismo cerebral.
- b) azucres, porque supoñen unha insubstituíble achega calórica.
- c) graxas, debido a que favorecen a inxestión rápida de enerxía.
- d) peixe, froita e verdura.

**10.- É aconsellable incluír na nosa alimentación...**

- a) doces.
- b) froitos secos.
- c) confeitos.
- d) Pasteis.

**Bloque segundo: elixa a palabra correcta que se corresponda coas seguintes cinco definicións:**

**11.- 'Estado de quen dorme, caracterizado por unha situación de repouso, polo adormecemento dos sentidos e mais a diminución relativa das funcións orgánicas '.**

- a) Soño
- b) Fatiga
- c) Sono
- d) Canseira

**12.- 'Deixar para outro día'.**

- a) Adiar
- b) Apalpar
- c) Apoupiñar
- d) Atoutiñar

**13.- 'Facer o posible para atopar ou conseguir algo'.**

- a) Rastrexar
- b) Resgar
- c) Xantar
- d) Procurar

**14.- 'Que se fai ou se practica por rutina'.**

- a) Rutineiro
- b) Rutinario
- c) Rutino
- d) Rutinaz

**15.- 'Ser necesaria ou conveniente unha cousa'**

- a) Consumar

- b) Cumprir
- c) Engaiolar
- d) Conculcar

### Texto b)

#### CANDO A ENERXÍA ATÓMICA ERA COOL

Houbo unha época na que a xente non lle tiña medo á enerxía nuclear. Bebía cócteles chamados atomic, peiteábase á moda atómica e atesouraba artigos de promoción comercial de temática nuclear. O atómico era decididamente *cool* e ningún lugar era máis *cool* que Las Vegas. Estamos a falar da década de 1950.

Durante a Segunda Guerra Mundial, Estados Unidos desenvolveu un armamento nuclear, algo que ningún outro país tiña entón. As bombas nucleares había que probalas e, tras a Segunda Guerra Mundial, o Goberno dos Estados Unidos decidiuse polo deserto de Nevada para facer os seus tests nucleares. Escolleu unha zona chaira, na que podían pasar dez días sen chover (o preciso para non contaminar toda a poboación) e que estaba moi despoboada. O principal problema era que vivía unha tribo nativa, para a que o terreo era sagrado.

A zona dos ensaios nucleares estaba non moi lonxe de Las Vegas. O paraíso dos casinos e o pecado (e as vodas) converteuse de paso no paraíso do atómico. Os casinos e macrohoteis que comezaban a formar Las Vegas tiñan mesmo puntos de observación: os miradoiros permitíanlles aos turistas ver unha explosión nuclear no horizonte, coa súa impresionante nube, mentres gozaban das vacacións e tomaban un Martini.

Acceder á zona dos ensaios para ver as probas tampouco era moi complicado. Agora pode sorprendernos, pero entón os tests atómicos facíanse con público, coma unha exhibición aérea calquera. Durante os anos da década de 1950, cando a URSS xa conseguira igualar os logros dos EUA, chegaron a estoupar bombas atómicas con soldados nas trincheiras, ao pé da zona de impacto, para ver que pasaba.

Todo este rebumbio atómico levou unha boa chea de cartos á zona. Segundo dixo un dos pais da moderna cidade de Las Vegas, a bomba atómica foi unha das mellores cousas que lle puido pasar á cidade. Vendíanse estampas coa nube tóxica ao fondo, remexíanse os vasos de alcohol con axitadores atomizados e elixíase cada ano a Miss Atomic, que posaba con fachenda co seu *atomic look* ou peiteado atómico. Preto de Las Vegas naceu así mesmo unha

nova cidade, Mercury, para os traballadores da zona de probas nucleares.

Agora o atómico non está tan de moda. Xa non é *cool* e unha moratoria impide facer probas nucleares no solo dos Estados Unidos de América: no horizonte de Las Vegas hai casinos e hoteis mastodónticos e nada de nubes atómicas. Mercury está abandonada e a zona de probas é terreo militar de acceso limitado.

Poucos turistas saben que isto sucedía hai nada, aínda que algunhas guías recomendan como visita obrigada un museo que existe sobre o tema. The Atomic Testing Museum está lonxe da concorrida rúa na que están todos os grandes casinos da cidade. Hai que coller o autobús urbano (unha aventura en si mesma) e confiar en que a mole de formigón que sinalan vai ser realmente interesante. Éo. Dentro espera esta historia increíble: as memorias dun tempo no que o atómico era decididamente unha modernidade. Era decididamente *cool*.

### **Bloque primeiro: comprensión**

#### **16.- Durante a Segunda Guerra Mundial...**

- a) todos os países que participaron no conflito lograron desenvolver armamento nuclear.
- b) os Estados Unidos, Alemaña e a URSS lograron armamento nuclear.
- c) só os Estados Unidos conseguiron desenvolver armamento nuclear.
- d) ningún país que participou no conflito logrou desenvolver armamento nuclear.

#### **17.- A zona na que se realizaron probas nucleares era...**

- a) húmida e montesía.
- b) solleira e chaira.
- c) fragosa e penedía.
- d) boscosa e montuosa.

#### **18.- O lugar elixido para realizaren probas nucleares...**

- a) estaba deshabitado.
- b) era o hábitat dunha reserva ornitolóxica.
- c) era desde había tempo un centro de conservación de réptiles.
- d) acollía unha comunidade de nativos americanos.

#### **19.- A cidade de Las Vegas foi na década de 1950 un destino turístico para...**

- a) ver museos sobre a enerxía atómica.
- b) observar *cogomelos atómicos*.
- c) albiscar fauna silvestre desde miradoiros.
- d) realizar congresos sobre física nuclear.

#### **20.- En materia nuclear, durante a década de 1950...**

- a) a URSS e os Estados Unidos de América compartían a hexemonía.
- b) todos os países occidentais eran potencias nucleares.

- c) só os Estados Unidos de América exercían a hexemonía.
- d) unicamente a URSS era unha potencia.

**21.- O acceso ás zonas en que se realizaban probas nucleares era...**

- a) arduo.
- b) traballosos.
- c) difícil.
- d) doado.

**22.- Os estoupidos atómicos e as nubes que provocaban convertéronse...**

- a) nun motivo de controversia social e política.
- b) nunha tendencia a seguir en peiteados.
- c) nunha fonte de recursos para a tribo que habitara a zona.
- d) na fonte de inspiración de cantantes, pintores e arquitectos.

**23.- Na actualidade, no territorio dos Estados Unidos de América realízanse probas nucleares...**

- a) arreo.
- b) ás veces.
- c) decote.
- d) nunca.

**24.- Hogano, Mercury é...**

- a) unha cidade deshabitada.
- b) unha cidade que acolle unha base militar.
- c) unha vila que vive dos seus casinos e hoteis mastodónticos.
- d) unha reserva na que se asenta unha comunidade de nativos americanos.

**25.- The Atomic Testing Museum é...**

- a) un museo interesante no que se expoñen cadros de Picasso e Andy Warhol.
- b) un museo dedicado a enxalzar a convivencia pacífica entre os seres humanos.
- c) unha mole de formigón que alberga material radioactivo.
- d) un museo interesante dentro dunha mole de formigón.

**Bloque segundo: elixa a palabra correcta que se corresponda coas seguintes cinco definicións:**

**26.- 'Conxunto de cousas, de animais ou de persoas, mesturadas entre si sen orde ningunha'.**

- a) Nobelo
- b) Afogo
- c) Rebumbio
- d) Canseira

**27.- 'Aprecio esaxerado que alguén ten cara a si mesmo, ás súas calidades ou aos seus intereses'.**

- a) Adiamento

- b) Fachenda
- c) Fastío
- d) Folgo

**28.- 'Lugar alto desde o que se ve un amplo panorama'.**

- a) Miradoiro
- b) Mirandés
- c) Miquelete
- d) Moinante

**29.- 'Grande extensión de terreo con poucas ondulacións'.**

- a) Corredoiro
- b) Penedo
- c) Panal
- d) Chaira

**30.- 'Grupo de familias, todas elas procedentes de antepasados comúns, que viven baixo a autoridade do mesmo xefe'**

- a) Trevo
- b) Tribo
- c) Trabe
- d) Trebello

**Parte segunda**

**Elixa a forma correcta do verbo que vai entre parénteses nas seguintes seis frases:**

**31.- Xoán ... (fuxir)... do traballo en canto pode.**

- a) fuxe
- b) foxe
- c) fuexe
- d) fexe

**32.- Se ti... (saber)... tantas matemáticas coma min, outro galo che cantara.**

- a) soupeses
- b) subeses
- c) supeses
- d) soubeses

**33.- Non creo que...(caber)... o coche nese sitio tan pequeno.**

- a) quepa
- b) caiba
- c) caipa
- d) queipa

**34.- Xoán ... (traer)... do traballo moitas tarefas para facer na casa**

- a) trouxo



- b) truxo
- c) trouguo
- d) trougou

**35.- Se ti... (poder)... axudarme, moito cho había agradecer**

- a) pudeses
- b) podeses
- c) puideses
- d) poideses

**36.- Non ...(coller)... a mellor praza, pero estou satisfeito**

- a) cullín
- b) collín
- c) collí
- d) coxín

**Elixa a opción correcta**

**37.-**

- a) Compre preocuparse por noso cerebro.
- b) Cúmpre preocuparse polo noso cerebro.
- c) Cómpre preocuparse polo noso cerebro.
- d) Cumpre preocuparse por noso cerebro.

**38.-**

- a) Hai unha árbore ao pé da casa que dá sombra.
- b) Hai un árbore ao pe da casa que dá sombra.
- c) Ai unha árbore á pé da casa que da sombra.
- d) Hay un árbore ao pé de casa que da sombra.

**39.-**

- a) Cara ao ano que ven mudan as perspectivas económicas.
- b) Cara o ano que vén mudan as perspectivas económicas.
- c) Cara ao ano que vén mudan as perspectivas económicas.
- d) Cara o ano que ven mudan as perspectivas económicas.

**40.-**

- a) Uxía conduxo camiós durante moitos anos e nunca tivo un accidente.
- b) Uxía conduciu camións durante moitos anos e nunca tivo un accidente.
- c) Uxía conduciu camiós perante moitos anos e nunca tuvo un accidente.
- d) Uxía conduxo camións durante moitos anos e nunca tuvo un accidente.

**41.-**

- a) Chegou, veu e venceu. Ese era seu xeito de facer o arte da guerra.
- b) Chegou, biu e benceu. Ese era o seu xeito de fazer a arte da guerra.
- c) Cheguou, veu e venceu. Ise hera o seu xeito de facer o arte da guerra.

- d) Chegou, viu e venceu. Ese era o seu xeito de facer a arte da guerra.
- 42.-**
- a) Aceder o área sen conflitos ca policía é unha aventura en si mesmo.
  - b) Acceder a área sen conflitos ca policía é unha aventura en si mesmo.
  - c) Acceder á área sen conflitos coa policía é unha aventura en si mesmo.
  - d) Aceder ao area sen conflitos coa policía e unha aventura en sí mesmo.
- 43.-**
- a) En este intre tan trascendental non vós debedes esquecer de máis nada.
  - b) Neste intre tan trascendental non vos debedes esquecer de máis nada.
  - c) Neste intre tan trascendente non vos debedes olvidar de mais nada.
  - d) En este intre tan trascendental non vos debedes olvidar de mais nada.
- 44.-**
- a) A falta de tempo engade un inimigo máis á nosa saúde cerebral.
  - b) A falla de tempo engade un enemigo mais á nosa saúde cerebral.
  - c) A falta de tempo engade un enemigo máis a nosa salú cerebral.
  - d) A falla de tempo engade un inimigo mais a nosa saude cerebral.
- 45.-**
- a) As enfermidades neurolóxicas están á orde do día. A situación é un auténtico andazo.
  - b) As enfermidades neurolóxicas están ao orde do día. A situación e un auténtico andazo.
  - c) As enfermidades neurolóxicas están ao orde do día. A situación é un auténtico andazo.
  - d) As enfermidades neuroloxicas están á orde do día. A situación e un auténtico andazo.
- 46.-**
- a) Teño pasado moito por aí e tú nunca saudáchesme. Estate ben o conto!
  - b) Teño pasado moito por ahí e ti nunca saudáchesme. Estache ben o conto!
  - c) Teño pasado moito por ahi e tú nunca me saudaches. Estate ben o conto!
  - d) Teño pasado moito por aí e ti nunca me saudaches. Estache ben o conto!
- 47.-**
- a) Aquela zoa estaba abandonada e convertiuse nun terreno de probas pa coches.
  - b) Aquela zoa estaba abandoada e converteuse en un terreo de probas para coches.
  - c) Aquela zona estaba abandonada e converteuse nun terreo de probas para coches.
  - d) Aquela zona estaba abandoada e converteuse nun terreno de probas pra coches.
- 48.-**
- a) Disque vamos xantar agora. Tal vez nos merezca a pena salir fóra da oficina.
  - b) Disque imos a xantar agora. Tal vez nos mereza a pena salir fora da oficina.
  - c) Disque imos xantar agora. Talvez nos pague a pena saír fóra da oficina.
  - d) Disque vamos a xantar agora. Tal vez páguenos a pena saír fora da oficina.
- 49.-**
- a) Hai moito tempo que non lle teño medo a ninguén.

- b) Fai moito tempo que non lle teño medo a naide.
- c) Hai moito tempo que non téñolle medo a ninguén.
- d) Fai moito tempo que non téñolle medo a nadie.

50.-

- a) Aquel lugar era tan chairo que veías ao lonxe kilómetros i kilómetros.
- b) Aquel lugar era tan chairo que vías ao lonxe quilómetros e quilómetros.
- c) Aquel lugar era tan chairo que vías o lexos quilometros e quilometros.
- d) Aquel lugar era tan chairo que veías a lexos kilometros i kilometros.

51.-

- a) Cara a fin da década, van a diminuír o precio do bus urbán.
- b) Cara á fin da decada, van a diminuír o prezio do bus urbano.
- c) Cara ao fin da década, van diminuír o precio do bús urbán.
- d) Cara á fin da década, van diminuír o prezo do bus urbano.

52.-

- a) Collidas das maniñas, aquelas dous nenas andaron un treito de aquel camiño.
- b) Collidas das manciñas, aquelas dúas nenas andiveron un treito de aquel camiño.
- c) Coxidas de as maniñas, aquelas dous nenas andiveron un treito daquel camiño.
- d) Collidas das manciñas, aquelas dúas nenas andaron un treito daquel camiño.

53.-

- a) Aquela zoa estaba abandonada e convertiuse nun terreno de probas.
- b) Aquela zoa estaba abandoada e converteuse en un terreo de probas.
- c) Aquela zona estaba abandonada e converteuse nun terreo de probas.
- d) Aquela zona estaba abandoada e conberteuse nun terreno de probas.

54.-

- a) Sábente as froitas? Dígocho por que teño de moitos tipos na miña orta.
- b) Sábenche as froitas? Cho digo por que teño de moitos tipos na miña horta.
- c) Sábenche as froitas? Dígocho porque teño de moitos tipos na miña horta.
- d) Che saben as froitas? Dígocho porque teño de moitos tipos en miña horta.

55.-

- a) Preto de alí abriu un bar moi concorrido. Gústanos moito para ir comer.
- b) Preto dalí abriu un bar mui concorrido. Gústanos moito para ir comer.
- c) Preto de alí abriu un bar moi concorrido. Nos gusta moito para ir a comer.
- d) Preto dalí abriu un bar moi concorrido. Nos gusta moito para ir comer.

56.-

- a) A rapaza cumpriu dezaseis anos onte e celebrou o aniversario.
- b) A rapaza cumpliu dazaseis anos onte e celebrou o cumpreanos.
- c) A rapaza cumpliu dezaseis anos ayer e celebróu o aniversario.
- d) A rapaza cumpriu dazaseís anos ayer e celebrou o cumpreanos.

57.-

- a) Chegou atraído polo paisaxe e foise maravillado pola luce.
- b) Chegou atraído pola paisaxe e se foi marabillado pola luz.
- c) Chegou atraído polo paisaxe e se foise maravillado pola luz.
- d) Chegou atraído pola paisaxe e foise marabillado pola luz.

58.-

- a) Antonio sofre cando os seus veciños non varren a solaina.
- b) Antonio sofre cando seus veciños non varren a solaina
- c) Antonio sobre cando seus veciños non barren a solaina.
- d) Antonio sofre cando os seus veciños non barren a solaina.

59.-

- a) Xa lles falei de ti e respondéronme que os foras visitar.
- b) Xa faleilles de ti e respondéronme que fóralos bisitar
- c) Xa lles falei de tí e me responderon que fóralos visitar.
- d) Xa faleilles de ti e me responderon que os fóras visitar.

60.-

- a) De vos nós non nos fiamos por que fostes malos cos nosos curmáns.
- b) De vós nos non nós fiamos porque fostes malos con nosos curmáns.
- c) De vós nós non nos fiamos porque fostes malos cos nosos curmáns.
- d) De vós nós non nos fiámos por que fostes malos con os nosos curmáns.

### PREGUNTAS DE RESERVA

**61.- Elix a palabra que corresponda coa seguinte definición:**

**'Asegurar mediante un mecanismo ou instrumento apropiado a porta, ventá ou tampa dun recinto ou un obxecto**

- a) rabuñar
- b) pechar
- c) xulgar
- d) atraer

**62.- Elix a opción correcta**

- a) Axiña querrán engadir un novo asunto na axenda. Espero que sea antes de mañá.
- b) Axiña quererán engadir un novo asunto na axenda. Espero que sexa antes de mañá.
- c) Axiña quererán añadir un novo asunto na axenda. Espero que sea antes de mañán.
- d) Axiña queirán engadir un novo asunto na axenda. Espero que sexa antes de mañán.

**63.- Elix a opción correcta**

- a) O chegarmos a súa casa, saudounos un monstro increíble: seu canciño.
- b) Ao chegarmos á súa casa, saudounos un monstro increíble: o seu canciño.
- c) Ao chegarmos á súa casa, nos saudou un monstro increíble: o seu canciño.
- d) O chegarmos a súa casa, nos saudou un monstro increíble: o seu canciño.

**PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA O INGRESO EN PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO (GRUPOS I E III) DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**

**PLANTILLA DE RESPOSTAS:**

PREGUNTA	RESPOSTA CORRECTA
<b>Parte primeira</b>	
<b>Texto a)</b>	
1	B
2	B
3	D
4	A
5	C
6	D
7	B
8	D
9	D
10	B
11	C
12	A
13	D
14	A
15	B
<b>Texto b)</b>	
16	C
17	B
18	D
19	B
20	A
21	D
22	B
23	D
24	A
25	D
26	C
27	B
28	A
29	D
30	B
<b>Parte segunda</b>	
31	B
32	D
33	B
34	A
35	C

36	B
37	C
38	A
39	C
40	B
41	D
42	C
43	B
44	A
45	A
46	D
47	C
48	C
49	A
50	B
51	D
52	D
53	C
54	C
55	A
56	A
57	D
58	A
59	A
60	C
<b>RESERVA</b>	
61	B
62	B
63	B